

## Contradicións nómades.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Martes, 29 Maio 2012 18:23

---



Hai anos que me interesa pero, estas últimas semanas, por diferentes razóns que non penso numerar, a arquitectura consome a case totalidade dos meus pensamentos, e non sei se me gusta. Reflexionando sobre isto, decido recapacitar sobre a miña relación con esta disciplina. Pénsoo, boto man de *Retallos dun tempo branco*, un diario que levo, e un pouco ao chou, sen atender a data, extracto:

*Recordo con claridade a fascinación que me producían os planos das catedrais. É unha das lembranzas máis intensas, e que sempre regresa a min, da etapa no colexio en Vigo. Teño moi presente a devoción que sentía polos individuos que foran quen de construír aqueles edificios fabulosos, recollidos nos libros de texto de Historia da Arte a través do trazado das plantas. O que máis cativaba a miña atención, e motivo principal da fascinación, era o enxame de liñas a trazos que aparecían entre os muros. Estas, unha vez descuberto que representaban a proxección en planta das interseccións das bóvedas da teitume, concitaban todo o meu esforzo. Producíame un pracer infinito poñer a proba a imaxinación intentando ver aqueles teitos e espazos interiores. Debía ter trece anos, aproximadamente, quizais catorce, e empregaba moito tempo observando estes planos e admirando os homes cuxas prodixiosas mentes crearan tales obras. Non obstante, non teño a máis mínima lembranza de que esta atracción por aquelas obras colosais me levase a desexar practicar a arquitectura. Era un oficio que sentía fóra do meu alcance.*

## Contradicións nómades.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Martes, 29 Maio 2012 18:23

---

*Esta reverencia pola arquitectura, e polos que a crean, aniñou con tal forza en min que, moitos anos despois, na vintena, cando meu pai me presentaba algún arquitecto tiña a sensación de estar ante un ser superior. Co tempo souben que só unha milésima parte deles, se acaso, son seres, no seu oficio, superiores .*

Noutra ocasión, no mesmo soporte, querendo fixar por medio da razón percepcións que durante moito tempo sentín de xeito intuitivo, escribín un minúsculo texto acerca das miñas subxectivas maneiras de atoparme coa emoción nunha arquitectura. Dicía:

*A arquitectura é unha disciplina que non pode ser entendida sen o movemento, e o movemento consome un tempo. Pero, que estadio de tempo? Sen dúbida, o presente; unha continua sucesión de presentes. O noso estar sempre é presente. O pasado alimenta a nosa memoria e o futuro é un almacén que fornece o instante, o presente, pero nin nun nin no outro habitamos; non estamos.*

*Cando nos movemos polo interior dunha arquitectura, ou arredor a ela, o tempo, aparentemente sen dimensión, que separa dous, tres, catro,... presentes, é o que posibilita e xera en nós a emoción. A esperanza e o desexo por mirar, e o mirar mesmo, a sorpresa, son os máximos xeradores de emoción da arquitectura como arte. Inda ben, no razoamento anterior, seguramente sexa máis correcto substituír mirar por percibir; ou por sentir. Analogamente a como a música, para sentila plenamente, ha de ser escoitada, non nos vale que alguén cargado de boa vontade nola conte, tamén a arquitectura ha de ser visitada. Non serve vela fotografada. A fotografía vívese a través dun tempo estático que a emparenta co mundo da pintura. A arquitectura, para sentila, necesita dun tempo dinámico.*

Unha relación, calquera que sexa, é dificilmente condensable nuns poucos parágrafos. Seino. Pero uns parágrafos, aínda que sexan poucos, poden servir para poñer de relevo algún porqué da súa existencia, sexa esta magnífica ou precaria. Porqué, único ou múltiple, que, por outra banda, non sempre deixa clara a natureza da relación. Así de confusa se presenta ás veces a vida. E non sei se me gusta.